

BONO COIDADADO. AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA ATENCIÓN DE MENORES DE 3 ANOS

XURXO RODRÍGUEZ MÉNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO (OURENSE).

04

2017

FAGO SABER que a Consellería de Política Social conta puxo en marcha un programa de bono coidado.

Que é o bono coidado?

O Bono coidado é unha achega económica ás familias para contribuir ao pagamento de servizos de atención a domicilio de nenas e nenos menores de 3 anos en supostostos puntuais.

Para quen?

Poderán beneficiarse as familias con nenos e nenas menores de 3 anos que teñan a súa residencia en Galicia e precisen dun recurso personalizado a domicilio para cubrir necesidades puntuais dereivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e as responsabilidades familiares

Que requisitos hai que cumprir?

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- Ter unha nena ou neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2014
- Que a renda da unidade familiar, entendida como a suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro non supere os 45.000€ ou os 13.500€ per cápita.

Cal é o seu importe?

- Ata 3.750 € de renda percápita familiar 14€/hora
- Superior a 3.750 € e ata 7.500 € de renda per cápita familiar 11 €/hora
- Superior a 7.500 € e ata 10.000 € 9 €/ hora
- Superior a 10.000 € e sempre que non se supere os topes establecidos 7€/hora

Subvencionaranse un máximo de 60 horas por familia para a anualidade 2017

Prazo

As solicitudes na sede electrónica poden presentarse ata o 30 de setembro de 2017

O que se fai público para xeral coñecemento.

Castrelo de Miño, 3 de abril de 2017.

